

Mediante acordo do Consello de Goberno do 5 de maio de 2011 aprobouse a oferta de prazas nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos para o curso 2011-2012.


Unha vez recibida a comunicación con varias modificacións realizadas por parte da Secretaría Xeral de Universidades (SXU) e da Conferencia General de Política Universitaria (CGPU), así como téndose comprobado a existencia de varios erros, considérase conveniente corrixir a oferta aprobada no devandito Consello de Goberno.

Por todo o anterior, esta Reitoría **resolve**,

Punto único.- Modificar o límite de prazas nas titulacións que figuran no Anexo.

Esta resolución será notificada ao Consello de Goberno para a súa validación.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2011
O Reitor



Juan José Casares Long

ANEXO

- **Grao en Medicina**
 - Acceso ao Grao: 400 prazas (decisión SXU e CGPU)
 - Cota de traslados: 20 (reparto do 10% entre o grao e a Licenciatura)
 - Cota validación parcial estudos estranxeiros: 2
- **Licenciatura en Medicina**
 - Cota de traslados: 20 (reparto do 10% entre o grao e a Licenciatura)
 - Elimínase a cota de alumnos procedentes de validación parcial de estudos estranxeiros, en consonancia co regulado no acordo de CG do 14 de maio de 2009 sobre extinción de plans de estudos.
- **Grao en Odontoloxía**
 - Cota de traslados: 2 (reparto ao 50% coa licenciatura)
 - Cota validación parcial estudos estranxeiros: 2
- **Licenciatura en Odontoloxía**
 - Cota de traslados: 2 (reparto ao 50% co Grao)
 - Elimínase a cota de alumnos procedentes de validación parcial de estudos estranxeiros, en consonancia co regulado no acordo de CG do 14 de maio de 2009 sobre extinción de plans de estudos.
 - Acceso a 2º ciclo: elimínase as 5 prazas de acceso ao segundo ciclo, dado que os complementos de formación que deberían realizar os alumnos están en extinción (corresponden a materias de 1º e 2º da Licenciatura).
- **Grao en Administración e Dirección de Empresas (Campus de Lugo)**
 - Acceso ao Grao: 125 prazas (decisión SXU e CGPU)
- **Grao en Enfermería (Campus de Lugo)**
 - Curso Ponte: ofértanse 8 prazas (comunicación do centro posterior á aprobación en CG)
- **Grao en Veterinaria**
 - Cota validación parcial estudos estranxeiros: 2 (incrementábase en 1 praza; ofertada por erro na Licenciatura)

– **Licenciatura en Veterinaria**

- Elimínase a cota de alumnos procedentes de validación parcial de estudos estranxeiros, en consonancia co regulado no acordo de CG do 14 de maio de 2009 sobre extinción de plans de estudos. Auméntase unha praza no Grao.

– **Licenciatura en Comunicación Audiovisual**

- Elimínase a cota de alumnos procedentes de validación parcial de estudos estranxeiros, en consonancia co regulado no acordo de CG do 14 de maio de 2009 sobre extinción de plans de estudos.

Con carácter xeral, cando se oferten prazas de traslado no Grao e na Licenciatura correspondentes e resulten prazas vacantes nunha das titulacións, estas vacantes poderán acumularse na outra.